

# UNHA NOVA ESCOLA GALEGA ABERTA ÁVIDA

## Avelino Pousa Antelo\*

En primeiro lugar un saúdo agarimoso e cordial para tódolos asistentes a esta IV ESCOLA DE VERAN de NOVA ESCOLA GALEGA e o meu agradecemento ós organizadores pola atención de convidarme a este acto de inauguración.

Para falarvos eu tería, polo menos, dúas opcións:

- intentar facer a clásica conferencia, con todo o que ésta ten de positivo e de negativo, ou.
- Contarvos a miña experiencia persoal como docente, dende a perspectiva que dan os anos.

Quero citar un libro que agarda turno de publicación en unha editorial galega, da autoría do Profesor Amancio Liñares Giraut, titulado "CONVERSAS CON AVELINO POUSA ANTELO.-Memorias dun galego inconformista".

No comenzo deste libro autobiográfico digo: "Ainda que coido que a miña vida non é importante, polo menos nos eidos do poder ou do diñeiro, nembargantes tocume ser testemuño de feitos destacados da historia contemporánea de Galicia e coñecer a algúns dos homes máis sobranceiros da vida política e cultural do noso tempo.

Por eso e polos momentos dramáticos que me tocou vivir, penso que pode ter certo interese contalos, aínda que soamente sexa para servir de escarmento, para que nunca máis se volvan a repetir no noso país os dramáticos acontecementos que eu mesmo padecín.

Testemuño, pois, ¿Porque non dicilo?, e tamén opinións sobre moitos dos feitos e dos homes do meu tempo, algúns dos cales quizabes non resulten moi ben parados na miña apreciación.

Pero teño unha teima e un deber para comigo mesmo e para ca miña Terra e coido que non debo calar, aínda que só sexa para quedar ben coa miña conciencia; e cecais tamén para dar un exemplo à nosa mocidade e tentar vencellala á tarefa que, como galegos, a todos nos afecta: a de loitar sen acougo, pola mellora material e moral da nosa Terra e da nosa xente.

Temos un país cheo de problemas graves que sempre estamos a dicir que non poden agardar máis e non obstante seguen agardando, seguen sobrevivindo contra todo pronóstico, contra toda lóxica, en moitos caos.

Temos un pobo alleado, manexado, domesticado por vellas estruturas caciquís; un pobo que, tendo unha acusada persoalidade histórica

*\* Texto da conferencia pronunciada por Don Avelino Pousa, Socio de Honra de Nova Escola Galega, no marco da IVª Escola de Verán convocada pola Asociación e celebrada o 6 de xullo de 1990, no Instituto Xelmirez de Santiago de Compostela. (Texto conservado por Antón Costa Rico).*

e cultural, ten nembargantes unha feble e insuficiente conciencia da súa identidade.

Desenrola-la conciencia da galegitude, trocándoa en compromiso individual e colectivo, foi decote un dos principais degaros da miña vida.

Troca-la nosa comunidade deprimida noutra culturalmente liberada, loitar para que o noso atraso económico e tecnolóxico sexa superado para conquistar unha Terra mais rica,.mais culta,mais libre e mais dona dos seus destinos,foi e sigue sendo a gran ilusión que encheu os mellores anos da miña vida, e quero que sexa a miña mensaxe cara a nosa xuventude que debe aspirar ó protagonismo de crear un futuro mellor para si mesma e para a nosa Terra.

Atopa-lo equilibrio entre a natural ambición de calquera ser humano e conxugalo con unha ética vital, cecais foi,sen quere-lo,mellor da miña vida".

A miña vida profesional desenrolouse en circunstancias,a veces dramáticas, e outras bastante positivas nas que puideron desenrolar un traballo anovador e fecundo.

Tocoume vivir a ilusionada entrega do Maxisterio á causa da liberdade e da mellora escolar,en xeral, e de todo o sistema educativo que se produciu coa chegada da II República; a Guerra Civil tronzoou aquel entusiasmo do Maxisterio que sufriu unha persecución asañada e feroz, feito que suliña no seu poema titulado "Cunetas" o poeta lugués Luís Pimentel a quen se lle adicou este ano o Dia das Letras Galegas.Nos meus anos de residencia en Lugo tiveron a honra de coñecerlo e tratá-lo.Di así o poema:

"Teñen que se encher aínda  
as cunetas  
con sangue de mestres e de obreiros."

A miña xeneración, despois da alborada de ilusións e de entrega á tarefa de soergue-la nosa comunidade, tocoulle a mais dramática e feroz das aventuras, unha dura e inhumana persecución da que moitos - eu entre eles - nos libramos de verdadeiro milagro

Eu e moitos coma min refuxiámonos no traballo silandeiro e nunha vida un pouco bohemia. Anuladas as oposicións de ingreso no Maxisterio de 1936 nas que tomei parte,presenteime ás primeiras que houbo despois da Guerra, en 1941,nas que me suspenderon no primeiro exercicio por

estar fichado co gallo das miñas actividades na propaganda do Estatuto de Autonomía de 1936 como membro das Mocedades Galeguistas.

Funme, pois a Lugo, fuxindo da queima, e presenteime ás Oposicións de 1944 nas que levei plaza, colocándome como Propietario Provisional na Escola de Nenos de Santacomba, parroquia do Concello de Lugo.

Estando alí entereime de que Dn. Antonio Fernandez López, pretendia crear unha escola na súa parroquia natal de Ortoá, concello de Sarria. Logrei entrevistarme con él e decateime de que o seu proxecto estaba moi perto do que eu imaxinara como unha escola ideal para a nosa Terra, xa que pretendía un anovamento do sistema tradicional e un vencellamento do labor docente ó medio ambiente natural e social en que viven os nenos, rachando co sistema vixente nas escolas oficiais nas que predominaba un ensino rutinario e memorístico, imposto polos programas uniformizadores, alonxados da realidade que rodea as nosas escolas e das vivencias e intereses dos nosos nenos. Salín daquela entrevista encargado de dirixir a Escola; pero indiqueille a Dn. Antonio que non me consideraba ben capacitado para dito labor. El respostoume dicido que eso non era ningún inconveniente e dándome unha tarxeta de presentación, mandoume á Misión Biolóxica de Galicia, a Pontevedra, que dirixía entón aquel home extraordinario que foi Dn. Cruz Gallástegui Unamuno con quen tiven a sorte de traballar durante un ano, recibindo os seus asisados consellos, ademais da preparación teórico-práctica adquirida a través das observacións directas do que alí se estaba a facer e da elaboración do Programa Escolar para o que busquei datos na Biblioteca da Misión e incluso escribín a distintos centros de ensino que puideran servirme de modelo; pero isto resultou difícil, pois somente puideron conectar cun Centro de Estudos de Cóbreces (Santander), dirixido por relixiosos, pero que impartía ensino a rapaces fora da idade escolar.

Preparei, xa que logo, un programa baseado mais nas miñas experiencias persoais e nas miñas intuicións fündadas na escola preconizada polas Irmandades da Fala, Xoán Vicente Viqueira, Seminario de Estudos Galegos e cantas persoas e institucións coñecera no pasado.

Un Programa que seguía o ciclo da natureza e dos cultivos agrícolas da comarca, dividido en catro epígrafes: outono, inverno, primavera e verán.

Os temas ou contidos axustábanse ós traballos do momento con

preferencia ós que sinalaban os Cuestionarios oficiais. Pensábase que a mellor motivación de que podíamos dispor sería a que nos ofrecía a propia realidade en cada momento. Así, no comenzo do curso, observábase que os labregos araban as terras para face-la sementeira do pan (centeo). Pois ben, na escola seguíanmos traballos, visitábase algunha leira cercana onde estiveran traballando, observábase o traballo, recollíanmos mostras da terra para facer un sinxelo análise, falábase co labrego, e os nenos tomaban notas para conta-las suas impresións.

Esto dábanos tema para o estudio do solo, do chan agrícola, da sua composición, fertilidade, propiedades físicas, capacidade de retención de auga e incluso facíamola determinación da acidez mediante un sinxelo colorímetro. Estudiábase o solo e subsolo en algún desmonte ou trincheira. Alí podíamos ve-las raíces dalgunha árbore que penetraban no subsolo. Entón estudiábase a fisioloxía vexetal: raíz, toro, flores e froitos; a circulación da savia, etc. , valéndonos da realidade sempre que fora posible e senon, recurrido a debuxos o mais intuitivos posible.

Os temas desenrolábase como centros de interese, enlazándoos con tódalas materias cas que tiveran relación lóxica.

Teño que resaltar que o programa era aberto a calquera modificación que aconsellara a práctica escolare e suxeto, polo tanto, a cantas modificacións foran aconsellabeis cando se experimentara na escola. Isto demostroume que estaba no bo camiño, pois tiveron que suprimir algunhas materias e incluír outras que non figuraban no Programa.

Non pretendíamos facer investigación nin crear novos métodos de ensino. Simplemente foi un intento de coñecer a realidade concreta e inmediata, situar ó neno diante da súa realidade, despertar a sua curiosidade e o seu espírito de observación, axudándolle a ver, con criterio científico o que él xa sabía empíricamente

Coñecíamos, por propia experiencia, a tristeira realidade da escola oficial rutinaria, memorística, nunha etapa de completo dirixismo político; escola allea ó seu medio ambiente e ás inxedanzas, vivencias e necesidades dos nenos a quenes formaba ou, mais ben, deformaba, impartindo uns coñecementos que, na maioría dos casos, non despertaban minimamente a sua curiosidade nin lles servirían

nunca para resolve-los seus propios problemas e os da sua comunidade.

Pero a escola e o ambiente que a rodea son inseparables. A escola non pode ignorar o seu entorno natural e social que gravita sobre os seus contidos culturais, condicionándoos en gran medida.

Queríamos rachar co concepto da vella escola, pechada en si mesma, e abríala, tanto ó medio natural como ó social; troca-lo sistema de compartimentos ou asignaturas que figuraban nas "Enciclopedias", en unidades globalizadas. A Escola vai asentar a sua tarefa na propia realidade, na propia vida. Queríamos facer unha Escola da vida e para a vida e ésta, a vida, non aparece fraccionada en compartimentos senon en unidades completas; a vida, de por sí, é interdisciplinar e global.

Deixando xa o tema do Programa e método de ensino, recordo que , cando falamos do que ía a ser a Escola, Dn. Antonio dixo que debíamos pensar en traballar silandeiamente durante uns cantos anos, para evitar intromisións oficiais que estorbaran ou deformaran o labor. Recalco esto porque as cousas foron bastante distintas, á vista da reacción positiva dos veciños da comarca que solicitaron plaza rebasando as solicitudes a capacidade da aula, polo que moitos quedaron sin poder aistir. Pero, ademais, fixemos un verdadeiro labor de extensión agraria cando este servicio aínda non existía. Tiñamos unhas reunións os domingos, pola tarde, no local escola en que daban conferencias sobre temas de interés os principais técnicos agrarios, entre os que lembro aquel Veterinario traballador infatigable que foi Dn. Juan Rof Codina, os Inxenieros Agrónomos Dadín Tenreiro, Urquijo Landaluce e Fernandez Quintanilla, o biólogo e xenetista Xosé Luís Blanco e varios mais. Moitas veces era eu mesmo o que desenrolaba un tema suxerido por algún veciño, acto que remataba con un coloquio no que participaba cada vez mais xente.

Esto animou a Dn. Antonio a facer xestións diante dos distintos organismos que tiñan relación co agro, conseguindo a colaboración da Inspección Provincial de 1º ensino, das Xefaturas provinciais de Agricultura, Gandeiría, Montes e Sanidade cuíus técnicos tomaron parte na elaboración dun programa - baseado, en gran parte, no da miña Escola - para empezar seguidamente os CURSIÑOS AGROPECUARIOS PARA MESTRES DO MEDIO RURAL que se celebraron en Lugo entre 1948 e 1971 en que morreu Dn. Antonio que era o principal animador e financiador do proxecto. Os Cursiños celebrábanse durante o verán; duraban os dous meses de vacacións con horarios de 8 horas

diarias de clases : teórica de catro horas, polas mañáns e prácticas, de outras catro horas, polas tardes. Por estes Cursiños pasaron un milleiro de Mestras e Mestres durante estes anos.

A trascendencia do labor feito, tanto na Escola da Granxa Barreiros como nas escolas rurales rexentadas polos mestres que fixeron os Cursiños non é doada de cuantificar, pero seguramente axudou a moitos nenos a orienta-lo seu futuro, baseado no mellor coñecimento da súa realidade.

Persoalmente creo que foi o ensaio pedagóxico mais importante que se ten feito en Galicia. Encol do mesmo hai referencias no libro de Antón Costa "O ensino en Galicia" e, con mais detalle, no de Narciso de Gabriel "Agricultura e Escola" e tamén no meu "Unha Escola Para a Galicia Rural: A Escola Agrícola da Granxa Barreiros.-Sarria.-Lugo".

O ensaio hai que agradecerllo sobre todo ó home que o fixo posible, ó gran Mecenaz do Ensino Rural Galego no século XX, que foi o empresario e Inxenheiro de Camiños Dn. Antonio Fernandez López, non só pola financiación senon tamén polo esforzo persoal, percorrendo moitas escolas rurais da provincia de Lugo - algunhas tendo que andar a pé varios kilómetros - e financiado unha laboura sanitaria de recoñecimento dos nenos con un equipo movil de Raios X que tamén financiou.

Despois dos esforzos dos nosos emigrados, a comenzos de século, foi esta a experiencia mais seria que se fixo no país. Non continuala é un dispendio lamentable da Administración que demostra a ignorancia, o descoñecimento e a abulia dos políticos en temas educativos.

Ainda hoxe, con Mestres preparados nuns Cursiños actualizados como os de Lugo, poderían facer unha importante labor de orientación dando unhas clases complementarias nos Colexios Públicos do medio rural. Con un Mestre en cada Colexio sería suficiente e, polo menos, despertaría inquietudes e posibilidades de mellora agropecuaria en moitos nenos que van a seguir vivindo no medio agrario.

Unha escola que non prepare para a vida é unha escola a medias, é unha escola fanada que choca co concepto da que preconiza NOVA ESCOLA GALEGA a quen desexo constancia e insistencia nesta tarefa de formación, verdadeiramente trascendente para a nosa comunidade.

Estamos estreando unha nova Lei - a LOGSE - que nos vai a traer bastantes complicacións. Calqueira normativa nova esixe un prazo para acomodala á realidade e mais, cando quere ser innovadora, cousa positiva se ten carácter realista e se axusta ás necesidades e non perxudica nin ós ensinantes nin os nenos. Pero esta nova norma moito nos tememos que nos se axuste á estas condicións. Polo menos no tocante á escola rural, a eterna esquecida en tódolos plans e Leis sobre a educación. A LOGSXE nen siquera a contempla; trata de novas actividades como a Educación Secundaria Obligatoria, e Educación Especial, as Ensinanzas Artísticas e a Educación das Persoas Adultas..... Pero deixa no tinteiro un ensino axeitado ó medio rural que noustante aínda significa o 20 % da poboación escolar no Estado e arredor do 50 % en Galicia.

Para entende-la realidade educativa rural compre distingui-los cinco tipos de escolas que existen nese medio: Centros Incompletos, Centros Completos, Colexios Públicos Comarcais, Colexios Rurais Agrupados e Escolas Fogar.

Os Incompletos son os que teñen menos de 8 unidades; os Completos teñen 8 ou mais; ós Colexios Públicos Comarcais asisten nenos de toda unha comarca; os Rurais Agrupados xuntan varias pequenas escolas cercanas con un só Director e Claustro, e, por último, as Escolas Fogar teñen dormitorio e internado.

O labor docente dun Mestre de Escola Unitaria (Centro Incompleto) é moito mais complexa ca dos Mestres de Centros Completos e Colexios Públicos. Os contidos teñen que axustarse, por forza, á realidade inmediata na que viven os nenos. Esta complexidade esixe acomoda-lo programa ás posibilidades de atende-lo ensino o mellor posible. Pero, nas reformas educativas - e moito nos tememos que tamén na que agora imos a estrear - tómase como modelo o que se fai en outro países que non sempre teñen as mesmas realidades nin o mesmo carácter, pero ademais son escolas moito mellor dotadas que as nosas.

As vellas escolas unitarias, con tódolos seus defectos, tiñan maior influencia na vida da localidade onde se asentaban. O Mestre era, moitas veces, non somente o ensinante, - era, ante todo - o educador e a escola o centro dinamizador; o Mestre era tamén o home bó que interviña na solución de conflitos entre os veciños, o conselleiro en tódolos asuntos da comunidade rural da que era consultor e

orientador.

O Mestre, por convivir cas xentes do medio, coñecía os seus problemas e, frecuentemente, sentíaos como propios; por eso tiña un especial vencellamento á comunidade da que formaba parte.

Esto perdiuse, case totalmente, ca creación dos Colexios Nacionais, que masificaron o ensino, desarraigaron ós nenos do seu medio e obrigáronos, en moitos casos, a pasar varias horas agardando o autobús escolar ou recorrendo os camiños ata a súa vivenda.

Si se fixeran colexios mais pequenos, con 8 a 12 unidades, seguramente os resultados serían moito mellores en tódolos aspectos. Eu non son dos que se conforman cos feitos consumados. Para min non vale aquilo de "ó feito, peito". Cando se recoñece que unha cousa está mal, hai que tomar medidas para remediala, cousa que non fai, nin moito menos, a LOGSE.

Os Colexios Rurais Agrupados parecen un instrumento eficaz e de gran valor pedagóxico porque rachan co aillamento dos mestres que poden traballar en equipo e dispoñer de mellores medios para o desenrolo do seu labor.

A Escola debe sacar o maior partido posible da realidade en que vive o neno e atender - ante todo e sobre todo - á educación integral do escolar. Escola activa; activa en canto ó neno, pois a actividade do Mestre só vale en función da actividade do alumno.

A escola debe aproveitar tódolos elementos positivos do medio que a rodea, do medio en que viven os nenos, procurando centra-lo labor educativo arredor dos problemas dese medio, que debe ser o Centro de Interés de toda a actividade escolar.

Do mellor profesor que tiveren na Escola Normal de Mestres de Santiago - Xosé Toba Fernandez - na súa publicación encol dos Problemas que plantexa a Escola e o Neno en Galicia, di: "Facer da Escola un centro de socialización que reforce a acción educativa da comunidade á que debe servir.

Soamente a través dunha vida escolar en cooperación e solidariedade, se desenvolven as aptitudes do neno.

Hai un obxectivo xeral da educación: forma-la personalidade autónoma do individuo como membro da comunidade cultural histórica á que pertence, pero ese obxectivo xeral debe estar orientado polos especiais da época e da nacionalidade.



As circunstancias xeográficas e históricas de Galicia, imponen ós galegos o deber de modificar e axeitar ese "Plano de acción" que é a Pedagogía, en armonía coas esixencias do noso povo. Aspiramos a unha Escola sintonizada con Galicia, órgano vivo con raíces afincadas no subsolo étnico, que recolla e faga conciencia das particularidades xeográficas, económico-sociais da nosa Terra. Unha Escola que informe daqueles coñecementos prácticos que tanto interesan si se relacionan coas actividades dominantes do medio.

O cultivo do chan, a plantación de frutais, a cría de animais, etc., son actividades que a Escola debe fomentar entre os nenos, se non quer que, polo desprecio en que se teñen estes aspectos da vida humana, cando sexan maiores, se avergoncen da vida rural e fuxan ás cidades.

O aillamento da nosa poboación rural, reclama da nosa Escola que vivifique unha rede de institucións peri-escolares, como Bibliotecas Circulantes, Misións Pedagóxicas; sesións de cine, Excursións, etc., cunha finalidade de fomentar o sentimento social - cunha ausencia é tan lamentable - e que é imprescindible para ser unha comunidade.

Mais ca no resto de España acúsase en Galicia o divorcio entre a Escola e o medio. País eminentemente rural; a ficción e a rutina da Escola, allea ó sentido e vibración do ambiente, tóllese, incapaz de asumir os valores e obxectivos da vida rural, nin axudar á redención do campesiño.

**A realidade da nosa economía e forma de vida impón á Administración - en canto chegue a autonomía - unha formación dos Mestres orientados cara os problemas do campo**

Temos, ademais, que iniciar o estudo das características específicas se as houberse - dos nosos nenos separando os sustratos psíquicos fixados pola herencia, das outras cualidades que xurden como reacción ó medio..

Os galegos debemos esforzarnos en obter aqueles datos que, como os psicométricos, atención, memoria, etc., en comparación cos de nenos de outras rexións ou países, nos permitan tirar conclusións prácticas, afirmando o peculiar e específico da nosa infancia, a tese dun povo que, apoiado polo feito diferencial, aspira a ese recoñecemento e á súa autonomía.

Estudio apenas iniciado, malia a súa gran utilidade, entre outras,

polas seguintes razóns:

1ª .- Adapta-la actividade da Escola ós intereses e á vida típica dos nosos nenos.

2ª .- Esculca-la participación que, en certos procesos psíquicos, ten o medio en que viven para poder eliminar as influencias perxudiciais, ben sustraíndo ós nenos, ou modificando amodiño a conciencia dos individuos, como parte que son do medio.

3ª .- Coñecendo, a través dos nenos, o noso carácter, cultivar aquelas directrices que nos fagan subir ò plano histórico.

4ª .- Obter nota das aptitudes mais frecuentes nos nosos escolares; discriminación e proporcionalidade dos supra e infradotados, anormales, etc., para ir preparando o tratamento mais axeitado a cada un destes grupos e aproveitar as suas enerxías a prol de Galicia

A Sección de Pedagogía, en estreita colaboración ca de Psicotecnia do Seminario de Estudos Galegos, pode centralizar estes traballos, recollendo datos, formando estadísticas, etc., xa que nada hai feito."

Coido que abonda para demostrar o interés , o realismo e a entrega dunha xeneración que estaba a facer unha gran laboura que quedou tronzada pola Guerra Civil e xa é hora de que sexa retomada polos novos colectivos de ensinantes que, coma vós, teñen as mesmas inquedanzas e as mesmas preocupacións pola mellora do ensino.

Pero coido que me estou estendendo demasiado contando esta experiencia que tiven a sorte de dirixir, mais por sorte que por méritos pessoais, e da que estou disposto a dar cantos datos queira a quen mos pida. Paso, pois, a facer unhas consideracións encol da actividade que aquí nos convoca; deste encontro pedagóxico, desta IV ESCOLA DE VERAN de NOVA ESCOLA GALEGA, un encontro sempre positivo e grato, por varias razóns:

- Por xuntar a compañeiros amigos, unidos por un afán de mellora pedagóxica.

- Por intercambiar opinións e experiencias que son unha das formas mais eficaces de reciclaxe, de actualización, de formación realista.

- Porque aquí podemos intercomunicar as nosas experiencias aportando cada quen o seu acervo persoal.

- Por poder facer unha posta en común das nosas inquedanzas e preocupacións como ensinantes e como galegos.

Estas xornadas penso que son:

: convenientes

oportunas

e importantes

Hai agora 12 anos celebrábase a 1ª escola de verán da etapa democrática á que tamén fun convidado e, por casualidade, gardo o que daquela dixen e que agora repito para que vexades que as cousas non cambiaron tanto que aquelas opinións xa queden obsoletas. Decía así: "Neste intre histórico en que Galicia vai a xogar o seu porvir, neste intre no que nós temos a gran responsabilidade de esperta-la conciencia da nosa xente para que elixa a sua afirmación como povo autónomo ou unha frustración mais de tantas que ten sufrido a través da sua historia.

A nós, como Mestres, tócanos unha especial responsabilidade na recuperación da nosa persoalidade histórica e da nosa cultura autóctona.

Tócanos facer de animadores da nosa comunidade, despertando nos nosos nenos a esperanza dun futuro mellor para a nosa Terra, baseado no traballo solidario de tódolos galegos conscientes da sua responsabilidade e as suas obrigas cara a Terra que nos dou o ser.

Tócanos a nós decidir si estamos dispostos a unirnos nunha

acción comunitaria para despertar nas nosas xentes o entusiasmo por un traballo creador e fecundo que encare a solución dos nosos grandes problemas.

Tócanos decidir si queremos ser dos **"bos e xenerosos"** de que fala o noso himno, dispostos a loitar con estilo novo, con ledicia, con entusiasmo, para lograr esa Galicia mais rica, mais culta, mais leda, mais responsable e mais dona dos seus destinos á que debemos aspirar tódolos galegos comprometidos co país.

E no ensino está unha das palancas fundamentais do renacemento galego. Polo ensino podemos troca-la desmoralización e a apatía do noso povo nunha participación activa e responsable.

Podemos axudar a supera-la marxinação e o atraso abrindo posibilidades novas nos distintos eidos e actividades.

Podemos e debemos axudar a superar a alleación e depresión cultural afirmando a nosa identidade colectiva, recuperando a conciencia da galegitude e trocando a mentalidade pasiva e mimética en outra ceibe e creadora.

Xosé Perez Vilariño, Profesor de Socioloxía da Facultade de Económicas, dicíanos, hai pouco, a un grupo de mestres, que asistíamos a un Cursiño do ICE, que "a educación é un proceso de comunicación" e non hai boa comunicación se non se fala o mesmo idioma. E suliñaba a función que a Escola está facendo hoxe en Galicia: perpetuar a situación, o sistema; seguir unhas normas uniformistas do Estado centralista, que non valen para resolver os nosos problemas, senon mais ben para complicalos.

A nosa escola, no canto de axudar á promoción da nosa comunidade, o que fai é favorece-lo sistema de sometimento, de amansamento, de domesticación.

Co gallo de segui-las normas que marca o Estado, en nome dunha falsa eficacia, estamos enchendo as mentes dos nosos nenos de **"contidos"** uniformistas, alonxados dos seus intereses e das suas vivencias. Estamos axudando a desgaleguizar Galicia, a favorecer a emigración e o abandono, arrincando ós nenos do seu medio e dándolles as imaxes dun mundo novo, negador e contrario dos seus valores tradicionais.

Antes das concentracións escolares aínda había Mestres que facían unha labourea vencellada ó seu entorno e informaban das

posibilidades de mellora.

Hoxe, ós nenos dos Colexios Públicos ,con uns programas recargados e con moitas materias alleas á nosa realidade, estamos desfacendo a súa maneira de ser e de vivir ,estámoslle dicindo que fuxan da miseria aldeana e se vaian ó mundo urbano, que os medios de comunicación -a T.V. en particular - lles están metendo acotío polos ollos.....

E todo sen darlles a mais lixeira idea das posibilidades de mellorar o mundo rural no que naceron no que moitos deles terán que vivir como desterrados,convencidos de que teñen que seguir na aldea porque non sirven para outra cousa.

En fin,compañeiros amigos,perdoàdeme por esta panoràmica pesimista que non pretende desanimarvos senon encirrarvos cara esa gran empresa de soerguer un povo asoballado para espertalo e darlle azos para loitar por un futuro mellor.

Alguén chamou a Galicia "**Terra virxen e martir**", onde todo é por-vir como dixo nun verso aceso Salvador García Bodaño.

Temos por diante unha tarefa dura e trascendente,se fora doada xa estaría feita;unha tarefa para xente comprometida,valente e arriscada;unha tarefa para a que eu penso que vós estades dispostos,por eso a sulión.

O fundamental é que teñamos o convencimento de que podemos facelo, de que os Mestres galegos podemos ter unha baza fundamental na creación dun futuro mellor para a nosa Terra e a nosa xente.

Somos nós os que,en gran parte,témolo futuro de Galicia nas nosas mans.Esto responsabilízanos especialmente cara o noso destino e o futuro do noso povo.

Eu coido que os que estamos aquí,os que asistides a este **encuentro pedagóxico**, demostrades xa,ca vosa asistencia,un grande afan de servicio e que sentíde-la necesidade de actualizar a vosa formación pedagóxica e os voso coñecimentos en contacto cos especialistas que interveñen en estas xornadas.

Esta,sen dúbida,é unha das bases da mellora do ensino;canto mellor nos prepremo-los ensinantes ,tanto mellor poderemos axudar a educar ós nosos nenos dentro das suas vivencias, dos seus intereses e da súa cultura.

Persoalmente,nos moitos cursiños e conferencias que levo

17

dado na miña vida, insistín sempre na necesidade de que cada quen se debe preparar o mellor que poida para estar ó día nas técnicas e métodos pedagóxicos que, afortunadamente, non son inmovilistas e estáticos, senon activos e dinámicos. Como dixo o poeta "faise camiño ó andar", e para nós, mestres galegos, o camiño está ben claro: Ser promotores educativos e sociais da nosa comunidade, demostrando ca nosa conducta solidaria e cooperativa, entre nós mesmos e entre nós e as nosas xentes-que ven en nós unha das suas posibilidades de mellora.

Temos que ter un gran sentido de responsabilidade e unha entrega vital á nosa función de educadores, antepoñendo ós nosos intereses personais, o servizo dos nosos nenos e das nosas xentes en xeral, que agardan, dende hai séculos., unha man amiga que os axude a saír do seu atraso, da sua ignorancia e da sua pobreza material e moral.

Compañeiros amigos: A nosa Terra agarda de nós un gran esforzo para despertar do seu sono a este noso " **Fogar de Breogán.**"

Compañeiros amigos: eu pídovos o compromiso de traballar con todo entusiasmo, de traballar afervoadamente, por un ensino galego, axeitado á nosa realidade e ás nosas necesidades. Somente así cumpliremos como Mestres e como galegos.

Con palabras daquel gran pensador e gran galego que foi Xoàn Vicente Viqueira, rematarei dicíndovos: "A miña Galicia non é a que foi, é a que será; non é a de onte, é a de mañán; é a Galicia do porvir, na sua florescente persoalidade, a que eu arelo e amo, a Galicia pedra preciosa da civilización humán".

Compañeiros amigos: loitemos polo ideal de facer un povo culto, noble, traballador, responsable, creador de riqueza e cultura, de talleres e portos, de poesía e ciencia, e tamén de ideal.....

Esa é a Galicia do futuro que soñaron os nosos devanceiros e pola que merece a pena face-los sacrificios que sexan necesarios.

Esto foi o que dixen hai agora 12 anos en unha ocasión parecida á que hoxe nos reúne. Vos xusgaredes se non vale case todo o que entón dixen. Pero agora engado: Temos que loitar por unha escola pública popular, digna, gratuíta, vencellada ós intereses dos nosos nenos, e ó seu entorno, unha escola

realista, aberta, pluralista, crítica, científica, integradora, solidaria, comunitaria, participativa, flexible, progresista, democrática.....e quizaves algúns adxetivos mais de signo positivo. ....

Unha Escola Galega, integrada na nosa cultura, que garantice e fomente a nosa persoalidade, as nosas posibilidades de calqueira orde. Nunca unha escola uniforme e uniformizadora, senon unha escola á medida, axeitada ás nosas circunstancias, ás nosas necesidades. E si esa é a escola que queremos, quer dicirse que os mestres deberán tela preparación axeitada para conseguir eses fins.

"Escola que non garantice a cultura de creación, escola que non utilice o idioma materno dos nenos como xeito pedagóxico indiscutible, escola para Galicia igual que para Castela, eso nunca" di Castelao en "Sempre en Galiza".

"Escola sintonizada con Galicia; órgano vivo con raíces afincadas no subsolo étnico" dicía o meu profesor Xosé Toba Fernandez en 1935.

Mestres especialistas para o medio urbano e, sobre todo, para o medio rural, con preparación axeitada, con estímulos para o traballo en equipo e permanencia no Centro.

Programa escolar con un mínimo ben seleccionado de materias, flexible e daptado ó entorno escolar, no que se deberá suprimir moita faramalla inútil, alonxada dos intereses do neno, sustituíndoa por coñecimentos vivos, enlazados cas suas vivencias e os intereses.

Escola que fomente hábitos de solidariedade e cooperación.

Frente á vella escola memorística, rutinaria, escolástica - desgraciadamente aínda vixente en algúns casos - preconizamos a nova escola galega, aberta, dinámica, creativa, a escola que todos nós soñamos como transformadora da nosa realidade.

DIXEN.